# Teatro no Círculo de Perlío



**O grupo de teatro "Tagallo", do Círculo de Perlío, naceu en 1974, co nome de Teatro Círculo, no seu C. C. R. D.**

Deica hoxe leva feitos os siguintes montaxes: seis obras de teatro; "O cantar dos cantares", e a "Tía Lambida", de E. Blanco Amor; "Romería As Covas do Demo", de Manoel Lourenzo; "Un lóstrego na noite", de R. González Alegre; "O circo de tiza caucasián" (traducida e adaptada polo grupo), de B. Brecht; e "Unha vez houbo un mondo novo", de Calixto Ledo; dos cadros escénicos de Castelao; "O inglés e o retrato", "A mostra e o robot", e un recital de poemas de Ramón Cabanillas, por adicáselle o Día das Letras Galegas. Con estos montaxes actuouse en numerosos pobos do noso país, participando tamén na cuarta e sexta Mostra de Teatro Galego de Ribadavia.

Durante este tempo o grupo tivo varias estructuracións e formas de traballo. Con este novo montaxe, escomenzamos unha nova etapa. "O traballo colectivo" tencionando desenrolar mellor os obxetivos do grupo esa intención de mellorar a realidade do montaxe e así contribuir a estabilización do Teatro Galego.

O grabado recolle unha escea da "Farra de Bululú", de Manoel María.

IDEAL GALLEGO

26-4-79